

PREFIRO CONDENARME

1406

Margarita Ledo Andión, 2024

ESTREA EN NUMAX: 22.11.2024 | V.O. | +12 | 87 min

A historia de mil caras de Sagrario, mariscadora na ría de Ferrol, atravesada pola ditadura e a transición, enfróntanos a unha nai díscola, unha esfera familiar en perpetuo desacougo e un xuízo por adúltera aos 33 anos, en 1972, a causa da filla que ten co seu amante, un carpinteiro "digno de querer". Como unha nova Antígona, Sagrario sitúase fóra da regra e coa súa desobediencia reclama a lei aínda non escrita á par que o desexo. No fondo, a igualdade coas de "arriba" que ninguén critica.

«Despois de 'Nación', outra magnífica obra de Margarita Ledo sobre a loita das nosas nais»

Paula Arantzazu Ruíz, CINEMANÍA



Recordar é volver pasar polo corazón

Por Margarita Ledo Andión

Prefiro Condenarme parte dun xuízo por adulterio contra unha mariscadora da ría de Ferrol durante a ditadura, en 1972. O Tribunal eclesiástico de Compostela, que asume competencias civís, contra todo prognóstico absolve a Sagrario Ribela Fra.

Ten 33 anos. Recompoñer as pezas desta historia lévanos a un personaxe popular capaz de confrontar as regras que, tamén no terreo dos afectos, a encerran nun papel de subalterna. E aínda que emerxen a violencia, os malos tratos, a falta de dereitos á vez que unha atmosfera social opresiva, en realidade do que trata a película é do que todas e todos desexamos: querer e que te queiran.

Desexo, desobediencia, clase social definen a súa historia de mil caras, atravesada pola ditadura e a transición. Casada en 1955 con 16 anos, aos dous de casar tivo o primeiro fillo dun marido mariñeiro mercante que a preña e bate nela cada vez que chega a casa, mentres lle mostra fotos con mulleres en salóns de baile e repite: "non serves para nada". En 1962 Sagrario foxe a Asturias pero o marido séguela e fai que regrese. A pena por "abandono de fogar" ou por "adulterio" é radical. E así, desta maneira, cada noite ten que terlle a roupa preparada para que saia por locais de alterne.

Espello dunha época en perpetuo malestar, comeza a sentir ese desacougo elemental, a atracción por alguén próximo, de quen se vai namorar. "Botar un amigo? Iso non é para nós, as pobres", di a nai. A pesar de todo, co mesmo sacho que recolle ameixa femia consegue labrar a independencia dos seus afectos. "Vante condenar" insiste a nai. "Prefiro condenarme", respóndelle ela.

Como unha nova Antígona que se libera e renuncia á caverna, Sagrario oponse á norma mentres co seu acto reclama o divorcio, a lei aínda non escrita. E será unha das primeiras mulleres que se divorcie en Ferrol.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Prefiro condenarme,
Margarita Ledo.
Chan da Pólvora, 2024

A cicatriz branca,
Margarita Ledo.
Galaxia [Libro - DVD]

El cuerpo y la cámara,
Margarita Ledo.
Cátedra, 2019

*Documentalismo
fotográfico*,
Margarita Ledo.
Cátedra, 1998